

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

13929 *Real decreto 1383/2009, do 28 de agosto, polo que se determina a composición, a estrutura orgánica e o funcionamento do Consello Nacional da Auga.*

O Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 927/1988, do 29 de xullo, no seu capítulo II estableceu a composición do Consello Nacional da Auga, en desenvolvemento do mandato contido no artigo 17 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas. A composición do Consello Nacional da Auga foi modificada posteriormente en sucesivas ocasións.

A Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificou o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, para incorporar ao dereito español a Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas. Entre os cambios introducidos encóntranse as materias sometidas a informe preceptivo do Consello Nacional da Auga, recollidas no artigo 20, e os obxectivos e criterios da planificación hidrolóxica, e establécese no artigo 40 que o ámbito territorial de cada plan hidrolóxico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. O artigo 16 bis.1 define a demarcación hidrográfica como a zona terrestre e mariña composta por unha ou varias bacías hidrográficas veciñas e as augas de transición, subterráneas e costeiras asociadas ás ditas bacías, o que implica a necesidade de incluír como novo vogal nato o director xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, modifica o artigo 19 do texto refundido da Lei de augas, incluíndo no Consello Nacional da Auga as organizacións sindicais máis representativas no ámbito estatal.

Considérase que se debe ter en conta a relevancia de todo o referente á auga e ao seu impacto potencial, non só orzamentario senón tamén económico, sobre sectores diversos e usuarios en xeral, polo que se inclúe como vogal nato o director xeral de Política Económica do Ministerio de Economía e Facenda.

Así mesmo, a crecente complexidade do proceso de planificación e a xestión do recurso, así como os constantes avances técnicos en depuración, reutilización e desalgação, aconsellan a inclusión como vogal nato do director xeral do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas e de dous vogais designados como representantes de entidades sen fins lucrativos, ocupados na xestión, protección, calidade e defensa das augas superficiais e subterráneas.

O Real decreto 266/2008, do 22 de febreiro, modifica a Confederación Hidrográfica do Norte dividíndoa na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e na Confederación Hidrográfica do Cantábrico. Isto supón un novo vogal nato en representación da nova Confederación Hidrográfica Miño-Sil e dous novos vogais electivos, un representando as comunidades autónomas e outro representando os usuarios do Consello da Auga da nova demarcación hidrográfica.

Por outra banda, o Real decreto 432/2008, do 12 de abril, polo que se estruturan os departamentos ministeriais, crea o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño ao cal se encomenda a proposta e execución da política do Goberno en materia de loita contra o cambio climático, protección do patrimonio natural, da biodiversidade e do mar, auga, desenvolvemento rural, recursos agrícolas, gandeiros e pesqueiros, e alimentación; asume así as competencias ata entón atribuídas aos suprimidos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, máis a competencia en materia de protección

do mar, en estreita colaboración co Ministerio de Fomento, o que determina que o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño pase a designar catro vogais.

Así mesmo, o Real decreto 1130/2008, do 4 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no seu artigo 11.2.a) atribúe o exercicio das funcións correspondentes ao secretario xeral do Consello Nacional da Auga á Subdirección Xeral de Planificación e Uso Sustentable da Auga.

O Real decreto 542/2009, do 7 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, suprime o Ministerio de Administracións Públicas e as súas competencias son asumidas polo Ministerio da Presidencia e o recentemente creado Ministerio de Política Territorial. Corresponde ao Ministerio de Política Territorial a preparación e a execución da política do Goberno en materia de relacións coas comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local. Así mesmo, promoverá a cooperación do Goberno coas ditas administracións. O Ministerio da Presidencia asume, entre outras, as competencias relativas a asuntos constitucionais e parlamentarios, así como os relacionados coa función pública. Por iso se considera conveniente que ambos os dous ministerios estean representados no Consello Nacional da Auga.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de agosto de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Natureza e adscrición.*

1. De acordo co artigo 19 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, o Consello Nacional da Auga é o órgano superior de consulta e de participación na materia.

Nel están representados a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, os entes locais a través da asociación de ámbito estatal con maior implantación, os organismos de bacía, as organizacións profesionais e económicas máis representativas de ámbito estatal relacionadas cos distintos usos da auga, as organizacións sindicais e empresariais máis representativas no ámbito estatal e as entidades sen fins lucrativos de ámbito estatal cuxo obxecto estea constituído pola defensa de intereses ambientais.

2. O Consello Nacional da Auga está adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Artigo 2. *Estrutura.*

O Consello Nacional da Auga funcionará en pleno ou en comisión permanente. Así mesmo, o Pleno poderá acordar a constitución de comisións especiais para o estudo e informe dos asuntos que aquel decida encomendarlle.

Artigo 3. *Pleno.*

Integran o Pleno do Consello Nacional da Auga: unha Presidencia, tres vicepresidencias, as vogalías de carácter nato, as vogalías por designación, as vogalías por elección e unha Secretaría Xeral.

Artigo 4. *Presidencia e vicepresidencias.*

1. Corresponderá a Presidencia do Consello Nacional da Auga ao titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2. Corresponderá a Vicepresidencia primeira ao titular da Secretaría de Estado de Medio Rural e Auga, a Vicepresidencia segunda ao titular da Secretaría de Estado de Cambio Climático e a Vicepresidencia terceira ao titular da Secretaría Xeral de Medio Rural do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Artigo 5. *Vogalías de carácter nato.*

As vogalías de carácter nato do Consello Nacional da Auga corresponderán:

- a) Ao titular da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior.
- b) Ao titular da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.
- c) Aos titulares da Dirección Xeral da Auga, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sustentable do Medio Rural, da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal e da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.
- d) Ao titular da Dirección Xeral de Saúde Pública e Sanidade Exterior do Ministerio de Sanidade e Política Social.
- e) Ao titular da Dirección Xeral do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME).
- f) Ao titular da Dirección Xeral do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (CEDEX).
- g) Ao titular da Dirección Xeral de Política Económica do Ministerio de Economía e Facenda.
- h) Ao titular da Presidencia das confederacións hidrográficas.

Artigo 6. *Vogalías por designación.*

1. As vogalías por designación do Consello Nacional da Auga corresponderán a:
 - a) Catro representantes do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, nomeados polo titular do departamento.
 - b) Un representante de cada un dos seguintes ministerios: Defensa, Economía e Facenda, Fomento, Industria, Turismo e Comercio, Presidencia, Política Territorial, Sanidade e Política Social, e Ciencia e Innovación, nomeados polo titular do respectivo ministerio.
 - c) Un representante de cada unha das comunidades autónomas.
 - d) Un representante de cada unha das seguintes organizacións, designados polos seus correspondentes órganos colexiados:
 - 1.º Federación Española de Municipios e Provincias.
 - 2.º Federación Nacional de Comunidades de Regantes de España.
 - 3.º Asociación Española da Industria Eléctrica (UNESA).
 - 4.º Asociación Española de Abastecemento de Auga e Saneamento.
 - 5.º Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación.
 - e) Os seguintes representantes das organizacións de ámbito estatal máis representativas que se indican, designados respectivamente por acordo entre elas:
 - 1.º Tres representantes das organizacións profesionais do sector agrario con implantación neste.
 - 2.º Un representante das organizacións empresariais.
 - 3.º Dous representantes das organizacións sindicais.
 - 4.º Dous representantes das asociacións de xestión, protección, calidade e defensa das augas superficiais e subterráneas.
 - f) Nove vogais coa seguinte distribución:
 - 1.º Tres vogais designados polo titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, dous deles con ampla experiencia en materia ambiental ou de conservación da natureza e un terceiro vogal experto en técnicas de rega.
 - 2.º Tres vogais nomeados polo titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por proposta das organizacións ecoloxistas de maior implantación.

3.º Tres vogais pertencentes ao ámbito da investigación, nomeados polo titular do Ministerio de Ciencia e Innovación, que deberán ter a condición de expertos nas materias relacionadas coa planificación hidrolóxica.

2. Os vogais designados nomearanse e cesarán libremente sen limitación temporal do seu mandato.

Artigo 7. *Vogalías por elección.*

1. As vogalías por elección do Consello Nacional da Auga corresponderán a:

- a) Un representante de cada un dos consellos da auga da demarcación, elixido de entre os vogais representantes das comunidades autónomas por eles mesmos.
- b) Un representante de cada un dos consellos da auga da demarcación, elixido de entre os vogais representantes dos usuarios da bacía respectiva por eles mesmos.
- c) Un representante dos usuarios, elixido por eles mesmos, de cada unha das administracións hidráulicas de comunidades autónomas que exerzan competencia sobre o dominio público hidráulico en bacías comprendidas integramente no seu territorio.

2. As vogalías por elección serán nomeadas por un período de catro anos prorrogable, válido mentres sigan posuíndo a súa condición de vogais do Consello da Auga da demarcación respectiva ou do correspondente órgano colexiado da Administración hidráulica da comunidade autónoma.

Artigo 8. *Comisión Permanente.*

1. Compoñen a Comisión Permanente do Consello Nacional da Auga:

- a) Os titulares da Presidencia, as vicepresidencias e a Secretaría Xeral deste.
- b) O titular da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.
- c) Os titulares da Dirección Xeral da Auga, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sustentable do Medio Rural, da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal e da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.
- d) O titular da Dirección Xeral do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España.
- e) Os representantes dos ministerios de Economía e Facenda e de Sanidade e Política Social incluídos no artigo 6.1.b).
- f) Un presidente de organismo de bacía designado polo titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.
- g) Dous representantes dos recollidos no artigo 6.1.c), elixidos entre eles.
- h) Un representante dos recollidos no artigo 6.1.e).1.º, elixido entre eles.
- i) O representante recollido no artigo 6.1.e) 2.º
- j) Un representante dos recollidos no artigo 6.1.e).3.º, elixido entre eles.
- k) Un representante dos recollidos no artigo 6.1.f).2.º, elixido entre eles.
- l) Un representante designado por cada unha das tres organizacións: Federación Española de Municipios e Provincias, Federación Nacional de Comunidades de Regantes de España e Asociación Española da Industria Eléctrica.
- m) Un representante de cada un dos tres grupos definidos no artigo 7.1, elixidos dentro de cada grupo polos seus compoñentes.

2. A Comisión Permanente, ademais de establecer a orde do día do Pleno do Consello e de propoñer a este a constitución das comisións especiais a que se refire o artigo 2, emitirá informe sobre aqueles asuntos da competencia do Consello Nacional da Auga que o propio Pleno lle asigne.

Artigo 9. *Secretaría Xeral.*

1. A Secretaría Xeral do Consello Nacional da Auga corresponderá ao titular da Subdirección Xeral de Planificación e Uso Sustentable da Auga da Dirección Xeral da Auga do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2. Corresponde ao titular da Secretaría Xeral do Consello Nacional da Auga, ademais da función de Secretaría do Pleno e das súas comisións, en que actuará con voz pero sen voto, a de desempeñar a xefatura directa do persoal e do réxime interior dos servizos e dependencias do Consello.

Artigo 10. *Materias sometidas a informe preceptivo do Consello Nacional da Auga.*

1. De acordo co artigo 20 do texto refundido da Lei de augas, o Consello Nacional da Auga emitirá informe preceptivo sobre:

- a) O proxecto do Plan Hidrolóxico Nacional, antes da súa aprobación polo Goberno para a súa remisión ás Cortes Xerais.
- b) Os plans hidrolóxicos de bacía, antes da súa aprobación polo Goberno.
- c) Os proxectos das disposicións de carácter xeral de aplicación en todo o territorio nacional relativas á protección das augas e á ordenación do dominio público hidráulico.
- d) Os plans e proxectos de interese xeral de ordenación agraria, urbana, industrial e de aproveitamentos enerxéticos ou de ordenación do territorio, antes da súa aprobación polo Goberno, en canto afecten substancialmente a planificación hidrolóxica ou os usos da auga. Para estes efectos, enténdese que existe afección substancial dos mencionados plans e proxectos de interese xeral cando afecten dúas ou máis demarcacións hidrográficas ou a súa execución exixa a revisión dos plans hidrolóxicos.
- e) As cuestións comúns a dous ou máis organismos de bacía en relación co aproveitamento de recursos hídricos e demais bens do dominio público hidráulico.

2. Así mesmo, emitirá informe sobre todas aquelas cuestións relacionadas co dominio público hidráulico que lle puidesen consultar o Goberno ou os órganos executivos superiores das comunidades autónomas.

O Consello poderá propoñer ás administracións e organismos públicos as liñas de estudo e investigación para o desenvolvemento das innovacións técnicas no que se refire á obtención, emprego, conservación, recuperación, tratamento integral e economía da auga.

3. Por razóns de urxencia, cando a natureza da materia que se vai tratar o requira, o presidente poderá acordar o procedemento escrito, sen necesidade de constitución do Consello. Non se poderá utilizar este procedemento cando as materias que se van tratar sexan as descritas nos puntos 1.a) e b), salvo que xa se debatesen con anterioridade ou supoñan modificacións non relevantes. Unha vez acordado o dito procedemento, o Consello deberase pronunciar nun prazo non superior a un mes, e entenderase realizado o mencionado trámite transcorrido o dito prazo.

Artigo 11. *Réxime de funcionamento.*

1. O Regulamento de réxime interior do Consello Nacional da Auga será aprobado polo titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño por proposta do Pleno do Consello e regulará as funcións dos servizos técnicos, xurídicos, administrativos e económicos necesarios para o axeitado funcionamento do propio Consello e da súa Secretaría Xeral. No non previsto no citado regulamento será de aplicación o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Sen prexuízo da incorporación ao Consello Nacional da Auga dos funcionarios que sexan necesarios para o desempeño das súas funcións, o presidente do Consello poderá constituír grupos de traballo e de apoio ao funcionamento do propio Consello, aos cales se poderán incorporar temporalmente funcionarios ou outras persoas de recoñecido prestixio e experiencia en materia de augas.

Disposición adicional única. *Réxime económico.*

A constitución e o funcionamento dos órganos colexiados regulados neste real decreto non suporá ningún incremento do gasto público e atenderanse cos recursos persoais e materiais existentes no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Disposición transitoria única. *Regulamento de réxime interior.*

Ata a aprobación do Regulamento de réxime interior a que se refire o artigo 11.1 será de aplicación o actualmente vixente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o capítulo II, do Consello Nacional da Auga, do Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 927/1988, do 29 de xullo, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílitate o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 28 de agosto de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA